

**ACTA NUMERO VINTEDÚAS DAS CELEBRADAS POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO
EN SESIÓN EXTRAORDINARIA O DÍA DOUS DE FEBREIRO
DE DOUS MIL NOVE : - - - - -**



PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS:


- D. Salvador Duran Bermúdez
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Angel Casal Moldes
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Manuel López Méndez
- D^a Susana Fernández Trelles
- D. Martín Otero Otero
- D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
- D^a Gloria González Camiña
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. Manuel Lores Puente
- D. José-Ramón López Fernández
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTEN:

- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso

SECRETARIA :

D^a. M^a del Carmen Merino Moína.



No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día dous de Febreiro de dous mil nove.- Baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse no Salón de Sesións os Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión Extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión, ó obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto.--

252 : SORTEO PARA ELIXIR OS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS NAS “ELECCIÓN Ó PARLAMENTO DE GALICIA 2009” : Ós efectos dos artigos 26 e 27 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, pola **Sra. Secretaria** dáse conta do mecanismo de realización do sorteo para elección dos distintos membros das mesas electorais mediante a utilización dun programa informático. Igualmente indica que procederase á realización de dous sorteos e que o primeiro terá o carácter subsidiario e de reserva, por resultar máis práctico á hora de operar có programa informático.

O **voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**, expón que todos os censados deben ter o dereito e a obriga de ser titulares, polo que non procede determinar previamente os reservas.

A **Sra. Secretaria** afirma que este sistema de sorteos é o que se ven realizando no Concello dende a implantación do sistema informático.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** sinala que non se faga constar en acta a manifestación da Secretaria.

A **Sra. Secretaria** indica que coa súa afirmación limitouse a informar da realización dos dous sorteos, o primeiro de reserva, como se ven realizando en cada proceso electoral neste Concello.

A **Sra. Alcaldesa** manifesta que, neste caso e no futuro, se procederá inverter a orde dos sorteos deixando o segundo sorteo de reserva.

De orde da Presidencia, a **Sra. Secretaria** dá lectura ó primeiro sorteo dos membros das vintedúas mesas electorais, que constan cada unha dun presidente, dous vogais e dous suplentes para cada cargo.

De orde da Presidencia, a **Sra. Secretaria** deu lectura ó segundo sorteo, de reserva para os casos de escusas aceptadas pola Xunta Electoral, das vintedúas mesas electorais, que constan cada unha dun presidente, dous vogais e dous suplentes para cada cargo.

As listaxes quedan baixo a tutela do secretaria actuante, quen as sela e asina, incorporándoas ó expediente administrativo do proceso electoral e das que se dará conta á Xunta Electoral de Zona nos impresos oficias.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as dez horas e quince minutos, de todo o que, eu Secretario, **DOU FE** :